

A S C R U C E S D E P E D R A N A G A L I Z A

Discurso de ingreso na Academia galega

por

Alfonso Rodriguez Castelao

A cruz, síño simple formado por dous riscos que se cortan perpendicularmente, ven dos tempos prehistóricos e atópase en todos os países. A cruz, como emblema relixioso, data da máis recuada antigüedad e para o seu estudo contamos cunha extensa bibliografía.

As formas prehistóricas da cruz son variadas e a súa difusión, como motivo decorativo ou como síño relixioso, ten unha real importancia etnográfica. As nosa terra ofrece ós investigadores a máis rica e variada colección de síños cruciformes nas insculturas rupestres, e d'elas teño recollido máis d'un centenar de formas diferentes. Os síños cruciformes que utilizaron os cristiáns primitivos aparecen xa no arte rupestre de Galiza: cruces antropomorfas; cruz grega asociada ó circulo, o triángulo e ó coadrado; cruz ansada; ancora cruciforme, etc.

A cruz swastica de catro brazos dobrados en ángulo recto non-a teño visto e tampouco a viñ na Bretaña, debendo sinalar que é o síño máis corrente en Euskadi. Esta cruz ( "ikurriña" en vasco ) de significación cósmico-relixiosa, indica que mantivo o seu simbolismo antr'os arios, non é aria, e polo tanto me-

nos pode ser céltiga (Amor Ruibal). podendo afirmarse que ten procedencia pre-  
aria e que vai xunguida ó problema tan debatido da civilización vasca.

No noroeste da península aparecen outras formas da swástica, tales como a  
chamada swástica do Niño (dous eslabóns entrelazados) e os triscelos (swástica  
de tres aspas) que a decotío s'atopan no arte precristián da nosa Terra, e do  
que é xúrdio exemplo a pedra da Citania de Briteiros, onde a cruz e o trisce-  
lo aparecen inscriptos en círculos.

O círculo estendeuse ó mesmo tempo que a cruz e, ó parecer, con caráter  
simbólico semellante. Parece demostrado que o círculo representa o sol e a cruz  
unha estrela, e que a combinación de ambos símbolos representa a idea do poder  
divino (Porter). As formas precristiás foron asimiladas polo cristianismo  
e da combinación do círculo e a cruz ainda hoxe se fai uso.

Tense por indudabel que o símbolo fundamental do cristianismo tivo o seu  
inicio en Ourense e que se espallou co-a paz da Eirexa, cando xa devalara o no-  
xo natural que os primeiros cristiás sentían pol-a cruz: instrumento de tor-  
tura e inominia. As cruces primitivas de Galiza non amostran particularidade

algunha : son gregas ou latinas, illadas ou combinadas co círculo, e rara vez aparece a swástica, que os vascos seguiron usando nas estelas funerarias, e que aquí ollamos en forma de duas eses cruzadas n'unha tampa do seculo VI procedente de Tui. (Fig. 18, p. 36)

Non se pode iniciar o estudo das cruces de pedra en Galiza sen falar de Irlanda. Irlanda no seculo VI e VII foi o refuxo da Eirexa, estrangulada pol-as invasións, e alí nasceron as cruces outas de pedra como asimilación dos menhires/ transposición de cultos antergos. A pesares do trunfo dos cristiáns sobre dos druidas, o culto das pedras tiña tales raíces no espírito celta que según documento que cita Brown o mesmo San Patricio convirteu en cruz un antigo menhir. O orixe pagano das cruces irlandesas e inglesas está de bulto na presencia do círculo que, sen excepción, aparece n'estes moimentos.

En Irlanda desenrolouse o arte protohistórico chamado da Tene, caraiterizado por entrelazos à-espirales. Arte de abstraicións, xogo puro da xeometria, desplegado por un longo proceso técnico do tecido; por iso os entrelazos celtas están formados por fitas de anchura uniforme (Macalister) O decora-

4

do zoomorfico do arte xermánico e teutón, de orixe oriental, soio aparece en Irlanda nos derradeiros tempos.

As serie de cruces anglo-irlandesas é un verdadeiro tesouro de arte plástica , non somentes pola súa ornamentación xenuina sinón tamén pola presencia de figuras esculpidas que según arqueólogos autorizados son a disposición latente par'a escultura monumental e o inicio da arte románica. Nas illas británicas o arte da escultura en pedra, lonxe de desaparecer froreceu con amplitud dende o seculo VII ó XI. As cruces de Ruthwel e Bewcastle son as columnas de Hércules que flanquean a entrada da escultura veieval, e o século XII non pode amostrar ningún avance, nin en técnica nin en arte (Porter)

As primeiras cruces cutas de Galiza desapareceron com os menhires; pero podemos supoñer a rudeza da súa feitura ollando a que apareceu chantada deic'os brazos n'un xacimento de turba nos montes do Buío ( Viveiro-Cervo-Alfoz-  
é un esteo plano cos [brazos] apenañ iniciados , como unha pedra antropomorfa ou estatua-menhir, idéntica a moitas que se ven na Europa central.

A influencia das cruces celtas xurde craramente nas antefixas que se

ven no cumio das eirexas románicas da nosa Terra. Arestora levo recollido oitenta formas diferentes e más da mitade están combinadas co círculo; moitas amostran os entrelazos carauterísticos da arte irlandesa e a maotía d'elas están sostidas polo Agnus Dei. Áñtr'as cruces celas cita Cabrol as memoriales dos concilios de 789 que se erguen na torre da éirexa de Aycliffe, perto de Darlington (Durham). A decoración d'unha d'elas -di- está composta de entrelazos e ten un año debaixo. Velaquí un prototipo das cruces antefixas galegas. (Fig. 29, a)

P. 50

Na serie de cruces, ~~xxxxxxxxxxxxxx~~ sempre de brazos igoales, que coroan as nosas eirexas románicas, parecen esgotadas todas as combinación do tipo; pero as más fermosas son as de Salomé e Santa Susana de Sant-Iago. O año que sostén as cruces está debruzado; pero algunas veces está de pé, tal e como se representou dende o seculo VI para siñificar a victoria de Cristo sobre da morte (San. Martiño de Noia, Colexiata de Muros, e outras); Algunha vez sostén a cruz un dragón (Castrelos de Vigo) ou o porco bravo dos Andrades (San. Francisco de Betanzos e Monfero) (Fig. 29, b, p. 61)

O año de Deus asociado ás nosas ~~an~~<sup>antefixas</sup> cruces antefixas responde ó motivo simbólico que San Paulino fixo representar na súa basílica de Nola:

Sub cruce sanguinea niveo stat Christus in agno.

Agnus ut innocua injusto datus hostia letho.

Por certo que López Ferreiro fainos saber que o concilio in Trullo, que se celebrou no 692 dispuxo que o Agnus Dei fose sustituido endeli pol-a forma humán de Cristo e que, ó menos en Galiza, non se acatou esta decisión , posto que se seguiron representando deic'os s. XVI no cumio das eirexas . Cabrol refírese ó Agnus Dei que dende finales do s. VI se representaba no centro das cruces, e di que o decreto do concilio trullano ergueu a protesta de Roma.

De todos xeitos resulta evidente que a representación do Año místico sigueu avante nas portas das eirexas románicas de Oicidente, non como simbolo de vítima sinón baixo a idea do trunfo. Os artistas d'este tempo atoparon no Apocalipsis a mellor representación de Cristo, e parece ser que foi Sn. Bernardo o impulsor d'esta forma iconográfica (Lefevre) da que aparecen intresantes mos- tras nas eirexas románicas do noso pais.

A caraiterística do año místico que se ergue no cumio das eirexas galegas, aparte da súa postura desusada xa na Edade meia, é a de que mostra dous grandes cornos. Para seguir as revelacións de Sn. Xohan o año deberá figurarse con sete ollos e sete cornos para eispresar os sete dous do Espírito santo, tal e como se revela no Apocalipsis e do que eisisten mostras na arte meieval (Barbier de Montault); pero na Galiza o año é simplemente un carneiro.

Esta anomalía podería eisplícarse o estudal-o rol dos cornos no folklore galego e ó coñecel-a súa siñificación esotérica; pero parece máis doado consideralos como atributo de poderío e diñidade que de antigo se lle deron.

Vazquez Nuñez, para eisplicar esta particularidade, recolle a opinión de ~~Príncipe~~ Didron encol d'un carneiro que aparece na clave d'unha bóveda: "Os cornos -di- son o caraiter da forza material; siñifican ciaias que o carneiro é o simbolo da potestade divina do Fillo. N'este caso os cornos no carneiro serian com' o debole nimbo triangular no Pai eterno. Uns e outros simbolizan a omnipotencia" E n'outro artigo do Sr. Vazquez Nuñez engádense verbas de Sn. Isidoro: Nam est Christus agnus, pro innocentia; ovis propter patientiam; aries propter

principatum"

Sabendo que a maoría das cruces celtas teñen un orixe funerario, compre  
espoñer a enxeñosa teoría de Frankowski a prol das estelas discoideas como de-  
rivación das estátuas-menhires; hipótesis que podería servirnos para eispli-  
car a combinación da cruz co circulo nas antefixas galegas. Di este investiga-  
dor que nas pedras antropomórfas foise perdendo o corpo deica trocarse a cabe-  
za n'un disco sostido por un pedículo , e que as estilizazóns fisionómicas de-  
xeneraron en figuras xeométricas. As estelas discoideas foron cristianizadas  
e se a hipótesis de Frankowski fose certa é indudable que a decoración seomé-  
trica foi trocada pol-a cruz; subordinada, primeiro, ás eisixencias da superfi-  
cie circular e botando dispois os brazos fora do círculo deica librarse d'el.

Imos entrar agora no ewtudo das cruces outas de pedra en Galiza , doéndome  
de non poder ilustrar este deslabazado traballo cos dibuxos que levo recolli-  
do.

A profusión de cruces que inzan os países fisterráns (Irlanda, Escocia,  
Gales, Bretaña e Galiza) siñifican unha transposición do culto das pedras .

9

Menendea Pelayo afincase no tratado "De correctione rusticorum" de Sn. Martiño Dumicense para deducir que a Galiza do S. VI ainda persistía no culto céltigo das pedras, afirmación que pode comprobarse ollando as pedras de forma natural , cristianizadas, que se ven arreo en moitos lugares da nosa Terra.

Cando se repasan as toponimias galegas chégase o convencimento de que eisistiron menhires ou "pedras fitas" , xa que de vello se diferenciou a "petra fita" da miliario ou "petra scripta". Estes moimentos cícais fosen destruídos durante a domiñación visigótica i-en virtude das ordes dos concilios para desvencellar o culto tradicional enraizado n'estes moimentos (Vazquez Nuñez e Amor Meilán) Os poucos moimentos megalíticos que ainda quedan son soportes da cruz ou amostran cruces grabadas.

Tamén compre reparar na cristianización de moimentos paganos erguidos nas estradas e a mesma cristianización de camiños i-encrucilladas. O territorio peninsular máis rico en invocacíons ós Lares viales é o noso -afirma Cuevillas- "Descoñecemos os seus nomes indíxenas ḫdi- que aparecen de cote disfrazados co roupaxe latino . A súa presencia no panteón autóctono dedúcese asi

e toda frecuencia don que se alcontran no noroeste da peninsua lánidas adicadas ós tales Lares, frecuencia que contrasta co-a rareza de adicacións semellantes nos outros territorios da Hispania" A supervivencia das supersticións condenadas pol os concilios están manifestas ainda na i-alma celta. Os camiños i-enrucilladas son lugares de perigo onde rondan os espíritos malinos; perxoso compría cristianizalos , pois como advirte San. Martiño Dumense o demo é impotente diante do siño da cruz.

Os celtas ainda hoxe evitan pol-as noites os camiños velllos i-enrucilladas, medo que ~~exaxán~~ ten orixe funerario, de cando se facian n'eles os enterramentos. En Gales o ataúde, levado pol-os parentes do morto, pousase no chan en cada encrucillada (Pennant) En Bretaña bátese a cabeza do férretro contra o pé dos cruceiros das encrucilladas (Le Braz) En Galiza rezase o paternoster nas encrucilladas cando se levan os mortos. Tamén os amilladoiros teñen un orixe funerario nascido de amorear pedras enriva dos cadavres, para evitar que os animais fozen na terra. En Escocia créese que a terra onde houbo unha morte violenta é removida por paxaros nocturnos (Henderson) En Irlanda o sitio onde un home morreu de desgracia cubrese d'unha morea de pedras (Haddon)

En Galiza os acompañantes dos enterros quedáronse co-a costume de botar manchadas de terra e pedras enriña do ataude, dispois de bicalas. No Fisterre armoricán eisiste a lenda de que a i-alma Marcé h será salva cando a morea que cobre a súa sepultura sexa unha montaña ( Le Braz) . Parece indudabel que unha costume útil trocouse n'un homenaxe de variada significación .

Enséñanos Cabal que na Grecia os túmulos funerarios das encrucilladas trácaronse en cipos, e d'acordo co seu orixe colocábanse cabecías no remate; díspois estas cabecías convertíronse n'unha soia e xurdeu o deus Hermes, guia das i-almas e vixian dos camiños. As pedras dos amilladoiros equivalen ós sacrificios de seres vivos para remediar a soedade dos mortos, porque tamén nas pedras aniñas espíritos e segun a creencia dos romeiros de San Andrés de Teixido as pedras son purgatorios das almas.

Velahi , pois, a razón de cristianizar os moimentos das estradas, os camiños i-encrucilladas, e a razón dos amilladoiros. Podemos, pois, asegurar que as cruces outas de pedra nasceron nos camiños e que a base da sua eisistencia é a idea da morte.

A arte nas cruces veu pol-as vias de Compostela por onde camiñaron a arte meievale por onde se ~~desenvolviam~~ desenrolou e estendeul os romeiros xacobitas usaron as estradas románs e é doad o cavilar que os miliarios serviron de soporte das primeiras cruces. Coñecemos bastantes miliarios cristianizados na nosa Terra e varias cruces de Sant-Iago que semellan pedróns coroados por cruces e amostran a feitura do "lech" bretón. O cruceiro da capela de Sant-Iago, en ~~Roxim~~ Roncesvalles do s. XV ou XVI, consiste nun corpo grosso rematado por unha cruz relativamente ~~pequena~~ pequena. Outro exemplo é o cruceiro miñoto de Barcellos que para maior seguridade do seu destino amostra ~~unha~~ n'unha cara da base unha escea do miragra do enforcado. Un prototipo das cruces d'este tempo pode ser a tan sonada das Portillas, idéntica a moitos menhires que vin na Bretaña; este monumento conserva unha inscripción románica, como testemuía da sua edade, e ó seu pé depositaban pedras n'un amilladoiro os segadores que ian a Castela.

(Fig. 47, p. 81)

Gastón Paris cita a cruz do paso de Cise, nos Pirineus, erguido segun a lenda, polo mesmo Carlomangno e da que xa hai memoria no ano 980, como ci-

10

ta a chamada "cruz dos pelengrism" en Burguete, e outras, Sábese pol-a "Guia de pelengrins" do "codice calixtino" que o camiño de Compostela estaba ourelado de cruces para guiar os romeiros, e Mabille de Poncheville, cicais o derradeiro pelengrín, relata o seu viaxe e fai mención das cruces que foi atopando. N'unha táboa do mestre Nicolás Francés eisistente na catedral de León , anterior ó ano 1434 e que representa unha escea da lenda do Apóstolo pode verse un pelengrín que deposita unha pedra ó pé d'un cruceiro. No trunfo da morte" de Breughel o vello óllase en primeiro termo, e no centro do cadro, un romeiro de Sant'Iago , conocible pol-as vieiras do chapeu+ e un cruceiro na paisaxe inzada de esceas macabras. Tal foi a sona das cruces de Sant- Iago que ainda nas estampas xilográficas do s. XVII sigue representándose o camiño da pelerinaxe marcado por estes sinxelos moimentos.

Estas cruces non se asemellaban ós cruceiros actuales e por más que digan os nosos escritores os cruceiros rokánicos non aparecen por ningures.

O cruceiro común é unha creacióndo gótico que nasceu de imitar as cruces procesionales e que non foi creado nos Fisterres , ainda que n'eles se desen-

rolasen profusamente.

Dispoido d'esta afirmacion xurde unha dúbida: ¿Viñeron os cruceiros góticos pol-o ~~camíño~~ camiño de Sant'Iago? Dende logo esta non foi a única via. Se reparamos na semellanza cásique absoluta dos cruceiros galegos cos da Bretaña, se lembramos as longas relacións marítimas e comerciales dos dous Fisterres, se nos decatamos que a sua <sup>maior</sup> densidade corresponde ó litoral, e se non é o camiño das pelerinaxes onde aparecen os ~~novos tipos~~ novos tipos de cruz, podemos creer que viñeron pol-o mar. Normandía foi o berce da arte gótica de Bretaña, como Galiza do románico, en Portugal, e podemos pensar que n'este aspecto a nosa Terra foi, direita ou indireitamente, tributaria d'aquel pais. Sábese con probas documentaes que o cruceiro gótico de Guimaraes, chamado Padrón da vitoria, veu da Normandía o ano 1342, e o tal moimento, e outros quepoderan vir d'álá cincas servisen de modelo que o tempo e o esprito das nosas xentes foi axeitando pouco a pouco ó estilo que mellor lle acaía: o barroco.

Os cruceiros más vellos que eisisten en Galiza son os siguientes: O de

Melide ( s. XIV) co Cristo en maxestade; o de Calo (Teo) de feitura popular, erguido sobre d'un ancho esteo; o do Museo de San Clemente de Sant'Iago que procede de Noia, labrado en pedra caliza; os dous de Noia ( un na ponte Nafonso e outro no cimenterio); os dous de Pontevedra ( un no Burgo e outro no Museo arqueolóxico); o de Fisterre; o de Santa Maria do Campo na Cruña; o da Trinidade en Baiona; o do Home Santo procedente de Sant'Iago e agora en Sabugueiro; o do Polvorín en Ourense. (Sám. IV)

Non cabe n'este traballo un estudo comparativo dos nosos cruceiros cos do resto da península; somentes compre decir que a serie de cruceiros góticos máis importante está no pais catalán ( incluido Valencia) e que ~~que~~ o moimento de pedra típico de Castela é o rollo ( siño de xurisdición e instrumento penal).

Os lugares axeitados par'os cruceiros siguen senfo os camiños i-encrucilladas, nos arredores das eirexas, principalmente por onde teñen que pasal-os cadavres. Sirven como memoriales de desgracias, peste e mortes violentas; tamén son espiatorias de pecados. As comunidades relixiosas abrian camiños e marcábanos con cruceiros , pero foron os franciscáns os creadores do Via-crucis

para representar os episodios da Psixón.

O crucifixo, tan amado pol-o imitador de Cristo , foi o eixo da devoción franciscán i- endexamáis faltou unha cruz diante dos conventos seráficos. "Foi lá en Rivotorro -di Mancel Ribeiro- que se levantou o primeiro calvario: eran dois pobres troncos deante da cabana de Francisco" ,O xenio franciscán , que abreu as fontes do Renacemento, creou os motivos náis punxentes dos cruceiros galegos e n'eles figura de cote o Santo, incrusive no reverso da cruz, lugar reservado sempre par'a Virxe.

Deic'a segunda mitade do s. XIII o arte viveu da tradición bizantina; pero endeli as concepcións humans e sentimentaes dos poetas e pregadores mendicantes abriron novas fontes de inspiración. A realidade comezou a loitar cos símbolos e alegorías (Thode) Dend'entón o crucifixo é un asunto recriado por San Francisco, e Cristo xa non aparece como Deus senón como Home. Craro está que ó quedal-90 arte desposeido da poesía dos símbolos, das lendas e ainda das fábulas, houbo grandes artistas cristiáns , pero non arte cristián. (Male)

Os motivos que se amostran nos cruceiros galegos , posteriores o s.

XVI , son froito do cristianismo democrático das ordes mendicantes como a  
existencia d'estes moimentos populares está mantida pol-a preocupación da  
morte.

As fermosas proporcións dos cruceiros galegos non se deben a ningún canon  
estabecido, senón ó instinto dos nosos canteiros, ó seu sentido das armonias  
construtivas, que se amostra nos horreos tamén. Os cruceiros teñen a fermosura  
das columnas gregas e asombra pensar que son feitos a ollo.

A dureza do granito contén a libertade artística dos canteiros d'este  
freno remanece a sinxeleza das súas creacións, porque a pedra impón o seu  
enxebrismo ós artistas que a labran . Vélahí porque as más xenuinas interpre-  
tacións que realizan os nosos canteiros son merecentes de pasar ás escolas  
de arte como modelos xeniales de expresión artística.

Nos cruceiros galegos, igual que nos bretóns, non aparecen motivos abstrac-  
tos como nas cruces celtas e nas antefixas, pois todas son de caráter concre-  
to e sempre más simbólicos que decorativos .

Os Cristos poucas veces están realizados con verdadeiro sentimento artís-

tico e más semellanza teñen co-a obra impersonal e de imitación d'un ebanista de cibdade que co - a labor barudamente persoal d'un canteiro de aldea. Os canteiros ollaron tantos Cristos travallados en madeira e metal que xa imitan e non crean. As imaxes das obras alleas que levan na memoria fanáronlle o propio sentimento, i -é por eso que os canteiros non saben poñer nos Cristos que esculpen o cuño da súa persoalidade, tal como saben poñelo nas outras figuras dos cruceiros.

Mesucristo aparece cravado en tres cravos e a ~~maxi~~ cabeza deitada car'o hombreiro dereito, tal como xa se vé en obras do S. V e pode alviscarse no crucifixo blasfemo do Palatino.

Na representación do Crucificado hai más imitación que inventiva; pero os canteiros non copiaron directamente e a semellanza cos modelos alleos non chega endexamáis á coincidencia.. Por outra banda a copia literal non sería propia da arte popular. Eiquí os canteiros queiman os anceios de creación estilizando o corpo de Cristo, e a serie deque teño recollida cicais esceda á que se podería formar recollendo as estilizacíons equivalentes nos esmal-

tes limosinos e alemáns do s. XIII, das pinturas románicas e dos vitrales góticos.

En moitas cruces aparece Xesucristo cos dedos das mans na postura de abenzoar ó xeito latino. Esta postura dos dedos é de deseño tan marcado que fai no seu sentido simbólico. As dúbidas que tiña esvaéronse ó topar c'unha vella cruz na feligresia de Loureiro (Cobovade) na que se figura a Xesucristo coa man esquerda fechada e a dereita na postura de abenzoar. Esta postura simboliza o perdón do Redentor que deixá marcada nas máns os anceios da sua bondade que os nosos canteiros lograron representar de xeito ben emocionante. (Fig. 66, p. 156)

 De cote aparece no pé da cruz a caveira, algunha vez asociada á serpente, para indicar que Cristo trunfou da morte e do pecado. No s. XVII o realismo impúxose de todo e somentes subsisteu este símbolo (Male) do que falaremos más adiante. (Fig. 59, p. 141)

Ainda que con menos frecuencia que nos ~~numerosos~~ calvarios de Bretaña, pode verse bastantes veces a San Xohan e a Virxe ó xeito das crucifixións do s. XIII.

Un dos temas místicos do franciscanismo foi a chamada "Fonte da vida" que os artistas representaron polo sangue que deitan as chagas do Crucificado e que recollen en cálices os anxos, para trocarse n'un símbolo eucarístico. Vela-hí a representación que a decotío se ve nas cruces e calvarios de Bretaña.

+ Nos cruceiros galegos somentes figura un anxo ou San Francisco recollando n'un cáliz o sangue do costado. Tod'a Edade meia soñou co Santo Grial, e dixerase que o vaso sagrado que buscaron os cabaleiros da Táboa redonda foi atopado no s. XV polo misticismo dos fillos de San Francisco. (Anex. XXXVI)

Pasemos agora ó reverso das cruces, máis interesante que o anverso para un estudo da nosa arte popular. Eiquí aparece a figura da Virxe sempre inspirada na poesía e predicación dos mendicantes.

Coñecemos a hestoria da transposición de moitos símbolos paganos en símbolos cristiáns e tendo en conta que o crucifixo veu de Ourense e que foi no reverso das cruces onde primeiro figurou a representación de Sta. María co neno no colo, podemos aventurarnos a supoñer que este motivo veu da arte exipcia e foi unha transposición do grupo de Isis dándolle ~~na~~ o peito

a Horus. A primeira representación óllase n'unha cruz-relicario do s. VII  
según Cabrol,; cruz que ten nos estremos os catro medallóns cos evanxelistas  
tal como ainda superviven en algúns cruceiros de Ourense.

Cando a gran peste asolagou a Europa no ~~medio~~ medo arrepiante da morte,  
os pregadores mendicantes fixeron ecoar en todolos espiritos o terribel Dies  
irae, ensombrecendo a vida e o arte; foi entón cando xurdeu a figura da Virxe  
para interpoñerse antr'a terra culpable e a cólera do ceo; pero xa non era  
aquela Sta. Maria do gólico , chea de ledicia , sinón a Nai do Crucificado,  
chea de sofrimento.

Tamén por influencia da poesia do s. XIV xurdiron composicións sin-  
gulares, com a da Virxe do Socorro, que os canteiros galegos interpretaron á  
súa maneira . O demo que está debaixo da Virxe esgrime unha fousa (morte) para  
atrapar un neno (alma) que gabea pol-as abas da Nosa-Señora car'o Neno-Xesus.

A Virxe ergue un estadullo para mallar no demo. ¡Ouh, o demo que tal vexta  
pilla camiño e cheo de medo ensúmese no inferno; ben saben os canteiros que  
o pau , ademáis de doer deshonra, e que non hai procedimento mellor para esco-

rrentar a xente ruin; (Plan. 277)

No remate do s. XV surdeu a devoción a Doorosa e parece ser que foi en Flandes onde nasceu a sua representación artística; primeiramente c'unha espada, símbolo da predición de Simeón, dispois con sete simbolizando as sete angustias. As Cofradías da Doorosa espallaron por todas partes esta imaxe e amostrase arreo nos cruceiros galegos; pero da mesma maneira que o sentimento místico atopou nas verbas do vello Simeón o resumo de todal-as doores os artistas atoparon no grupo da Piedade, ou sexa na Quinta Angustia, a imaxe más punxente do sofrimento e a composición más artística. ¿Cómo e cando nasceu a Piedade? Os Evanxe os nada din d'esta escea da Paixón; pero foron a fonte da door que informou o cristianismo das Ordes mendicantes. Dende logo pode asegurarse que ten xeu orixe nas Meditacións de Sn. Boaventura que desviou o camiño da arte, trocando a idea en feito e o dogma en drama.

A virxe das Angustias chegou a nós pol-o camiño francés e as más vellas imaxes son as da Virxe do Camiño de León (camiño de Sant'Iago, dende logo) escultura de comezos do XV, e a da eirexa matriz de Fisterre. Esta representa-

ción iconográfica alternou co-a do Apóstolo nos azibeches do XVI, i-é idéntica á que aparece no reverso das cruceiros . As ordenanzas de 1581 prohibian ós cofrades de Sn. Sebastián fabricar imaxes que non fosen a do Señor Sant-Iago e a cruz de Msia. Sra. de Fisterre "por estar ella en el Reino de Galicia".

Na figura da Piedade que aparecece enclavada no reverso dos cruceiros nótase que Xesucristo sempre é máis pequeno que a Nosa-Señora, i-está desproporción que non s'atopa más que en algún vello manuscrito , obedece a razóns materiales e morales. Si a Piedade estivese pousada , como está a dos escultores do Renacimiento , seguramente que a súa silueta tendería ó triángulo i-entón a figura longa de Xesucristo aumentaría a forteza da base; pero a Piedade dos cruceiros está pendurada e os nosos artistas da pedra recolleron a forma do rombo para distribuiren mellor os pesos . O rombo , que é o constante , está formado pol-a silueta da Virxe, e dentro d'esta silueta caben as variantes todas da figura de Xesucristo, sen más limitacións que o seu tamaño, e sendo pequeno non é dificultoso distribuilo-s os pesos de xeito que a composición se manteña en equilibrio, pendurada nada más que por un punto qu'está no centro

da cruz. A razón moral d'esta particularidade, eisclusiva dos nosos cruceiros, xa fai tempo que a eispliquei: os nosos canteiros deixándose levar pol o sentimento non podían maxinar un home no colo da nai. Par'os artistas canteiros Xesucristo sempre é pequeno, sempre é o Neno, porque é o Fillo, e os fillos sempre somos pequenos no colo das nosas nais. (Fig. 67, p. 165)

A figura da Nsa. Sra. das Angustias estaría ben ó pé da cruz, pousada enriba do capitel, ou na basa, como aparece nos calvarios bretóns; pero entón non figuraría crucificada; non aparecería de bulto que a door da Nai foi igoal á do Fillo; non resultaría ~~que~~ entón un símbolo da más fonda door, unha metáfora en pedra. E nos cruceiros hai estilizacíons de formas e tamén de ideas.

A Virxe figura no recerso das cruces en todal-as advocacíons do misticismo franciscán e dominico, pero é de facer notar a maneira con que os canteiros interpretaron a escea celeste da coroación.

Os capiteles teñen feituras diferentes e os más amostran no centro de cada cara un querubín, agás do anverso que presenta a caveira de Adan.

Tod'o longo do fuste óllase moitas veces a representación dos santos

familiares e aldeáns.

Eiquí é onde aparece Adan e Eva . Nos calvarios de Bretaña non figura este motivo tradicional, tan vello na arte relixiosa que xa aparece ea meiados do s. III n'un fresco da catacumba de Priscila, pero para describir esta representación e indicar a súa semellanza co-as que se ven nas cruces de Irlanda abonda que traduzamos o que dí Macalister ó falar dos moimentos celtas: " O home e mail-a muller están debaixo do albre. A serpente está enrolada no tronco e deita o seu verbo na orella d'ela. Eva oferécelle unha mazán a Adan e algunas veces xa ten él outra apañada, disposto a comela. Os dous, na súa actitude, revelan que se lle despertou o sentido da vergonza, O rasgo principal d'estas simbólicas esculturas está en que non son a representación d'un intre da aición do drama, senón más ben unha pintura simtérica, na que as diferentes fases do feito están condensadas n'unha soia representación. Eissi as catro fases (tentación, vencimento de Eva, caída de Adan e resultas do pecado) están representadas coma se ocurrisen simultaneamente. (Cap. XXIV)

Os nosos canteiros gustan de moquearse do demo . Da serpente fixeron

invencións orixinaes que reben humorismo. Aparece algunhas veces con cabeza semihumán na que loce unha risa de carantonía choqueira; c'un nó no rabo e con dous brazos para coller o aquel de salamandra, que según a vellísima creencia popular vive no lume.

Na figura de Adán óllase o esforzo dos canteiros para enoblecelo, por ter saído das mans do Creador; pero hai un chisco de bulra cand' o representan esganado, apreixando a gorza, e a Eva ofrecéndolle outra mazán para que repita

O pudor figurarse de varias maneiras . Tapándose co-as mans ó xeito dos rapaces que se botan a nadar e con follas de figueira; unha vez viños tapado s con chamas de lume e outra vez ollei a Eva e máis Adán c'unha folla por diante e outra por detrás.

Da tentación ~~xinx~~ teño visto dúas maneiras orixinais que non atopei por ningures fora d'equí e das que pode gabarse o noso arte popular . N'unha d'elas o demo pásalle a man pol-o lombo a Eva, porque xa se sabe que non hai maneira mellor para engaiolar ós parvos. N'outra o demo espétalle a súa aguzada lingoa na cabeza.

A representación do pecado orixinal ó pé dos cruceiros ten o mesmo significado simbólico que a caveira e a serpente ou salamandra, que se olla debaixo dos pés de Cristo, no capitel ou na basa. A lenda de que a cruz foi erguida no lugar en que estaba soterrado Adan compre tomala n'un senso místico de semilicadencia ; pero algúns escritores somentes queren que se tome como símbolo da morte e do pecado.

Esta representación non s'atopa nas cruces bretonas, como non s'atopa tampouco a representación do purgatorio tan familiar en Galiza e Portugal.

O flaxelo igoalitario da peste e a pauliña dos pregadores mendicantes, que se aproveitaban do medo para manter limpas as i-almas dos cristiáns, fixo nascer na arte relixiosa representacións da morte e do inferno. Na nosa Terra non aparecen estaeis avisos terríbles, sinón os más espranzados do purgatorio, e acollémonos á devoción das almiñas. Esas Almiñas foron despreciadas sen razón pol-a Pardo Bazán no tempo en que a arte popular non tiña a importancia que hoxe se lle concede como único xeito de renovar a arte grande e xa revitalizada.

N'este resumo non cabe falar máis que do cruceiro común. Nada diremos

dos cruceiros cubertos que tanto intrés ofrecen ; nin dos cruceiros con capeliña, chamados do Loreto, que se ven no litoral, dende Rianxo a Noia; nin dos moitos exemplares raros que aparecen en diferentes comarcas. (Lami. LXXI)

Tampouco é doadoo estudar as múltiples formas de cruces que coroan os portalóns e os hórreos, por non poder amostrar os moitos dibuxos que teño recoillido nas miñas andanzas por Galiza.

As cruces de Irlanda , os calvarios de Bretaña e os cruceiros de Galiza son albres de pedra. Pódese decir que as cruces outas dos Fisterres nasceron do imperativo do seu chan . Os cruceiros veñen de moi fondo e teñen as raíces moi debaixo da tona de terra podre que crialas bonitas que duran pouco. Cabanillas soupo decir como nasceron os cruceiros no noso chán:

" Cando a pedra, durmida e acochada  
 da terra **nai** no garimoso seo,  
 esperta do seu sonomilenario  
 e quer ser oración e pensamento  
 fórece n'un varal , estende os brazos  
 e póndose de pé faise cruceiro "

DISCURSO DE DON ANTONIO VILLAR PONTE  
CONTESTACIÓN AL DE INGRESO EN LA  
ACADEMIA DE DON ALFONSO R. CASTELAO

---

V  
SEÑORES ACADEMICOS: SEÑORAS & SEÑORES:

Teño polo mais grande honor da miña vida que hoxe seme confiou o de loubar ó novo académico, que ven ser un mais cabo de nós, para darrille á dourada corporación concebida por Curros no desterro e presidida no seu abrente e no intre de moitos anos polo patriarca Murguía, un celme de galeguidade immortal.

Porque decir Castelao é decir Galiza, ou viceversa. De tal maneira que, justificando a hipérbole no que tén de xusta, penso que si a nosa terra se afundise nun abalamento sísmico e se perdera non só o chan c'os seus montes, seus vales, suas ribeiras, seus peiraos e as suas costas, sinón tamén todolos monumentos que posee toda a assuas bibliotecas e todolos seus habitantes, conque unicamente se salvara un libro, un folleto e unha colección de dibuxos de cada especie do que agora ides armar cabaleiro d'Academos

despois que velou as armas lendo o fermo discurso que aplaudiu, habería d'abondo, mais que d'abondo para os eruditos futuros-árqueologos da literatura poderían recastillir fidelmente a i-alma orixinal da asolagada Galiza. D'aquela a nosa Atlántida de Fisterra, millor que a outra xa evocada por Platón, inda afundida cosmogónicamente, seguiría vivindo na geografía da cultura universal, de xeito nido, coma xúrdio continente do espírito eviterno d'unha raza.

Ora, ¿Esto pódese decir dalgún galego mais? De modo tan categórico, non. Pois vel-ahí, no sinxelo sintetismo dunha imaxe, a mais cinguida valoración do mais egrexio entr'os nosos paisanos.

Hai momentos, señoras e señores, nos que un pensa con Carlyle si os pobos non terán outro ouxeto que produciren a concepción dos grandes homes representativos, ós qu'el chamaba herois. O certo é que Galicia, ó nos dar a Castelao, encarnou núnha persoa, n'un ser de carne e hoso, todalas suas características mesolóxicas e todalas cualidades raciaes froito do ambiente e da tradición que constitue o fondo de permanencia do "ethos" ó longo das xeneracións. Castelao é o celme integral da nosa terra humanizado, personalizado, con aas d'universalidade; todalas esencias do noso "ego ípsíssimo", que diciría Nietzsche, ecoando deus os orixes ao longo d'os séculos ata

2) hoxe, converxentes n'un corazón, n'un cerebro e ~~a alma~~ alma. Humorismo e lirismo; socarroneria campesina ~~e sotelizada~~; filosofía de verdades en primeira man; folgos velaiños ~~sempre~~ sempre saudosos d'azul, de poesía enxebre, bretemas de esceiticismo tecidas con bágoas da parte da doer universal que lle corresponde a Galiza, avencelladas como doas d'un rosario místico polo fío d'unha sonrisa comprensiva, suprema **frot** da cultura intuitiva, que manteñen sempre vixosa as augas nutricias, mas que tivo espello primeira estrela que bicou a frenete do criador da nosa porción cósmica.

Cando se escucha unha belida cantiga das que son gala do noso cancionero e cuio autor se descoñece, dise que é fixo o pobo; dise que é unha cantiga popular. Pero isto non accredita certeza; porque isas cantigas que se universalizan, que se trocan en pedras preciosas para engarzarmos nas antoloxías posto que teñen tod'o recendo racial e tod'o encanto das frotes silvestres, que nascen somentes ~~onde~~ debén naceren, non son feitas polo pobo, se non por un home do pobo quese trasustancia en tod'o pobo na hostia da palabra para reflexar anacos do fondo da alma colectiva n'unhos versos espontáneos e orixinaes co'a sinxeleza da estrofa dos ~~mais~~ regatos cantais de cristal dos risos regatos cantaris.

Pois toda a arte ~~a arte~~ xenialísima de Castelao tén a gracia natural -gracia santificante dos teólogos que pon novos ollos virxinaes no home -das cantigas populares e inmorredoiras. Ven da mesma canteira e da mesma fontenla. Chega a todos e síntese por todos como se fosse obra de todos cando e só obra de ~~mais~~ un home que ~~sus~~ representa e interpreta a todos. E un alma soerguida, asolagada, mergullada na savia folk-lórica que deita da cópula eviterna da "gea" e o "etnos". Pois un pobo que ten un home consta alma si non o toma por guión e por bandeira é un pobo que non merece vivir. Como non merece mais que o desprezo se non reaccionen contra ~~os~~ aldraxes que lle fagan por estranos ou propios a ese heroi esgrevio, a ese home representativo, pois ben sabedes que toda a patria na hora mais crítica que é a hora da loita con outras patrias, son esa crasa d' homes, criadores de cultura e progreso universales, os que todos erguen,inda por riba das armas fraticidas, como testemnos supremos para o conquentimento de simpatías na concencia axeante dos neutraes.

Unha **nación**, unha pátreia natural é por riba de todo un órgano de cultura e si ~~non~~ é ésto trocaráse fatalmente n'un territorio con habitantes divididos en castas de administradores, guerreiros, contribuíntes e servos. Ficará sendo o que se queira agás un país d'alma **cívica** colectiva. Aqueles heróis, do xeito de Castelao, ~~com outrora~~ <sup>co</sup> Murguía, son os que **compre** idealizar no seo da masa, porque mentras a masa non sinta con eles e non asimile o sal preservador de corrupcions (das súas ideias, como assimila orixinaes, semellante masa **as cantigas**)

3) nunca pasará de multitud reunida ó acaso para formar un pobo. Galiza, a Galizam non  
obran coa mesma independencia entre si que cada unha d'elas co as maís da España,  
esqueceu, os seus heróis, os seus homes representativos. Murguía passaba polas rúas com un  
calquera que non fose político influente capaz de poder dar destinos ou protexer intereses materiaes. Por iso poido decir n'un momento d'amargura: "Eu xa non sei si son mesmo un desterrado na mifa propia terra". A Castelao rendenselle menos honores que a calou

quera diputado de rueiro. Cando por dereito natural pertence á Diputación permanente do país donde ~~naceu~~, Mais é ben sabida que cando no canto do poeta, na especulación do filósofo, na composición do músico, no lenzo do pintor, na estatua do escultor, no estudo do home de cencia non siente algo de seu o ~~pobo~~ - com osinte agora cos elementos deportistas - o concepto de patria rebáixase e esmorece ata trocarse de país con alma propia e concencia cívica en triste categoría de territorio predisposto a todas as escravitudes moraes e astados - os perigos minetistas e que caracterizan ás colonias somentes conquerindo belixeranza frente a outros pobos - si de pobos se trata, porque os individuos acontece o mesmo - previa unha valoración da persoalidade, é posibel obter consideración d'entes libres.

Non hai, nin habrá nunca unha lei de dereito que autorice sociedades entre desiguales. Entendendo por igualdade unha forza en potencia,inda quediversa, complementaria. Exemplo social:obreiros e patronos, ou socio capitalista e industrial. Exemplo individualista: o do home e á muller para o matrimonio.

Como en calquera nome representativo, dáse, país, toda Galiza en Castelao, e todo Castelao en Galiza. Castelao según a xera Teixeira de Pascoaes, é a arte de ser galego en encarnación providencial, dependendo de él e subsumindo os seus sentimientos, sombreados seus pensamentos, concencia patriótica, xurdida peculiar. Tenta por imperativo categórico da raza da que é froito esprendido e maturizado, tan natural e espontáneo como o carballo dunha fraga ou granito d'unha canteira facer a creación dun pobo no bloqueda masa que deixou de solo. Ten xenio creador e todos os creadores levan ensi mesmos moito de deuses ou que é igual de artistas.

Unhas primeiras cousas que se fixeron populares de Castelao, foi aquela viñeta humorística na que un rillote aldeán lle dixo naíz ó vela preñada lembrando a resposta que ésta lle dera ó perguntarlle porqueputra veciña que no mesmo estado tiñan ventre grande: "Eti tamén fuches ás fresas"? Logo fixo a caricatura política no "Barbeiro Municipal", que fundara c'o fin de combatilo caciquismo en Rianxo, sua vila nativa. Era entón estudante de Medicina, que estudara a Anatomía vertendo as lecciones no coarto da pousada ó galego. Hai uns compañeiros que lembran esto moitas veces.

4) Xa médico quixo ~~furtarse~~, coá concencia de bo humorista ergueita, da responsabilidade de matar a ninguén, inda que na clínica do grande ~~médico~~ ciruxano Baltazar onde praiticou unha ~~tempada~~, demostrara condicións excepcionais para a arte ~~da cirurxía~~. E un día, á miña presencia, con verbas socarreiras, díolle a Novoa Santos e a Varela Radio: «Non será tan difícil facer unha boa mesa de noite ou un aparador xeitoso com' unha operación de laparotomía, verbigracia?». Cando a terríbel gripe que matou a tanta xente, como esca-seaban os médicos, demonstrando seus sentimentos humanitarios, Castelao foi voluntariamente a prestarlle asistencia e consolo ós doentes da sua vila nativa. "Eu-decíanos d'aquela-nun che lles fixen mal, abofé, porque cos xaropes que lles dín non matei a ninguén, e inda axudéi a pór-lles os traxes das festas a varios difuntiños". No galenismo pouco mais tivo de releve.

D'o seu tempo d'estudante en Compostela, que foi o tempo de Garaboa, Fernández Mato e outros de moito inxenio poderíase facer un anecdotario capaz de servir d'específico para a cura da hipocondria.

Castelao chinchou a moeda da sua cultura específica, que é como decir a da Galicia verdadeira e perene, nos mostradores de todal as culturas específicas da Europa. E puido decatarse con fachenda ben lexítima de que non era falsa. Andivo a ver e estudar por Francia, Alemaña e Bélxica, Probas das suas observacións leímlas en traballos literarios que publicou na revista "Nós", que il e-mail-o Vicente Risco dirixen. E para ser o galego completo, ata en cousas accidentais, pasou o Atlántico e viviu canda os pais uníños anos na pampa arxentina. Non sei se foi alí onde deprendeou a rasguear guitarra tangos e vidalitas para logo, sendo estudante en Santiago, ir por Hespaña adiante c'o ~~adozio~~ pintoresco do tuno.

Como caricaturista ten sido dos millores geométricos que fan psicoloxía, e dos mais notabres criptógrafos creadores de xeroglíficos con alma. Mostrounos o celme espiritual de moitos persoaxes e persoaxiños en liñas graciosas de nido expresionismo. Para espricar a sua concepción d'esta ~~Lata~~ da arte do dibuxo dou no Ateneo de Madrid unha conferencia que se acha imprentada. Outras conferencias suas, tamén sobre temas d'arte, pubricáronse en folletos.

Inesquecible ha ser para cantos víron a Esposición do álbum de dibuxos e caricaturas que fixo no Circo d'Artesanos, da Crux, e que logo editou prodixiosamente a casa Hauser y Menet. Ese album tamén se espuxo na capital da Hespaña, merecendo onde queira as lombanzas supremas da crítica. Moitas veces ouvimoslle decir a Bagaría que Castelao é o primeiro dibuxante da Península, e que non tolera discussión sobre d'eso.

Páiss popular e' o seu libro de caricaturas, ateigado de gracia, "Cincoenta homes por dez reás". E admirados de cantos son capaces de sentiren o requintado "humour" de artista os dous volumes de "Cousas" que andan á venda. Este humorismo enxebre, agriadoce, tan sotil com'a brétema, e tan vizoso com'o verde húmedo dos nosos campos y comá il tan rico de matices, que tivo o seu abrente no agudo e belido conto "O ollo de vidro" leva a ~~acusación~~ na literatura e os dibuxos que o enfeitan e comprementan para seren ambas cousas inseparabeis, o mesmo que a música e a letra no "lied", todo recendo orixinal da rara. Nunca en ningures ~~humorismo~~ da terra tivo mellor interprete, pois ben poidera decirse que é todo espírito galego aboando omnipresente no espírito d'un só home salgado co'a sal eterna do noso ser xeográfico e etnográfico.

Pois a sua inconfundibel persoalidade de pensador todo galego puxo a ~~sonrisa~~  
cheia de ~~suumma realidade~~ de luz do humorismo que abura ata en discursos parlamentarios  
~~que pronunciou nas Cortés Constituientes da 2ª República hespáñola~~ en moitas vilas  
da nosa terra. El que tanto viu cos ollos doentes, semicegos sin dúbida para assimilaren  
millor o visto, e quetantos cegos plasmou coa sua arte ~~admirábel~~ en estampas, cadros e di-  
buxos, tamén foi pelengrino pola Bretaña francesa, irmán ~~nosa~~ no sangue celta, para  
estudar os cruceiros d'aquel pais de fisterra ~~como~~ o país galaico. Por certo que cando  
~~o gregorio~~ artista que ~~hoxe~~ entra n'esta docta corporación pensionárono para facer dito  
~~estudo~~, non faltou quem, pobre analfabeto, nunha barbeira de Pontevedra dixese: -Como  
se derrochan os cartos do estado en "enchufes"; ~~que~~ ~~carregar~~ a Castelao d'estudar  
cruceiros! ~~que~~ saberá él de ~~bancos~~ de guerra?".

~~Elos~~ cruceiros da Bretaña, que millor que ninguén estudou Castelao,  
Castelao, andan nun libro ~~desxerrado~~ traducido a varios idiomas.

Axiña publicara o libro dos cruceiros galegos. O notábel discurso que lle aca  
bades de aplaudir e ~~somentes~~ o limiar ~~mesmo~~ dos camiños, condecoracion de granito no  
peito do noso campo feitas por imaxineiros anónimos, como os autores das cántigas po-  
pulares, para lembranza d'un suceso piadoso ou d'un suceso tráxico, dino de romance de  
cego. (Morte por roubo, morte por amor, morte por un preito, morte por desgracia) Sobre d'  
eles desde a raiola de sol, a raiola da lúa e o ~~pranto~~ da brétema e al bautismo sinxelo  
do panteísmo xeórxico, que tén por madriña a gracia cristian. E eles arrincan das cordas

(1) Para sair están outros dous libros seus: "Pinguela, moderna obra sintética e de uso" - "Os  
dous de sempre", novela de fondo agudera e d'esentileios crónicos, verdadeira novela  
exemplar; arquétipo de certos protótipos tan actualizados para a cultura e o debate como pa-  
ra a literatura e a especulación intelectual; Corarán autora para todo o dodo, universal!

vision plàstica con' gracia a a darrera d'un modern Benvinguts callini!

6) da arpa da chuvia que enfeitan as coores do arco da vella, unha rapsodia de motivos franciscanos. ¡Cruceiros ben amados de Rosalía; cruceiros con Nosas Señoras Da Piedade acuchimando no colo maternalmente, como se fosen nenos, corpos de Cristos grandes, de **Fasquia** inxenua e primitiva; cruceiros que loubou con doador espontaneísmo de "maestro cantor" de regueiga o Hans Sachs de Compostela, o zapateiro poeta que á sombra d'un d'aqueles sinos da redención cristian, sintetizando tod'o caciúismo galego n'un só persoaxe teatral, dólle o supremo castigo da "vendetta" pública a través d'unha escea lembradora de "Fonte Ovejuna" de Lope de Vega! ¡Cruceiros homildes, tarefa d'artesanía, que evoca o antipodismo aberto entr'os **Cristos** d'ouro e brilantes dos Cabaleiros e os que levaban no fondal do peito os mariñeiros apóstoles do Nazareno!

"A verdade na porta" puxo como pe Castelao a unha das xenias estampas do seu Álbum refiríndose ós probes que no limiar da eirexa de moda alongan a mendiga man ós cristianos dos Bancos que inda non termaron de que non haxa nenos e vellas sen pan nin casa coberta despois de vinte séculos de caridade.

"Iástema de bois" escribíu como mote d'outra estampa de una agudeza na que o sentimento panteísta franciscán da raza ecoa as mais nidiñas esencias agrarias.

¡Cruceiros de pedra!, froito do analfabetismo patriarcal que hai que opor ás cruces de ferro da civilización mitteleuropea e das espadas fratricidas!

Dende hoxe pódese decir que o espírito eviterno, o celme eterno da auténtica Galicia está **connosco** na nosa academia que fundou o autor do "Divino Sainete", o **alceso** vate de Celanova, que agora, nō **intre que pasa**, a bó seguro diciralle sorrindo ó autor da divina comedia **tráxica** do humorismo galego: «Saúde irmán profeso no lema da miña briada

"xondixxxxvirtus, virtus

"ond'haxa virtu, bicate,

ond'haxa vicio, feride!"

¡saude irán que, com'a min, tanto fixaches para erguer e universalizar a língua da Virxe do Cristo!, "Que é a i-alma da nosa terra e a arma única co'a que aquela **poderá** ir a facerse libre!" Toda Galicia en Castelao, todo Castelao en Galicia... E cando os políticos galegos d'hoxe que sorrisn **surreitamente** ante cousas do noso herói xa señan cinza d'esquecemento na memoria dos peis anos futuros, o nome nunca murcho de Castelao tremelucirá en lus d'abrente de **diadas** fecundas sin noite adormecedora. Entón, cícais gosfillos ou netos **dorapaz** da súa estampa quelle pregunta a o vello, sin

que il atope a resposta, se os da banda d'alo do Miño, son mais estraneiros para nos que os de Castela, xa seipan o quehan deciren, pois d'aquela tal vez haxanse cumurido as profeccias do bardo e polos fillos de Breogán, a caduca Iberia sena punxente. Para valorizar a Castelao lembrae aquelas verbas de Azorin nas quefala de que os homes graves eos sesudos políticos da sua época aconsellaban a Larra que se deixase de facer cousas de sátira humorismo e que empregara seu talento no trato de temas serios. Larra, embora, non lies dou creto. E os nomes d'aqueles señores graves e d'aqueles políticos sesudos xa non di nada ás xentes d'hoxe cando se lén nos capídios da Historia. Larra, en troques, e un fito inconmovible da cultura castelán.

Pois o mesmo lle acontece a Castelao. Cando dice unha gran verdade ou fai unha aguda sátira, moitos son a considerar que gañaría d'abondo de se tornar en home "formal". Pero el pensa-com'o pensamos nós-que é andar do tempo, do pouco tempo, Martínez, Alvarez, Sánchez, López, Pérez, políticos que agora teñen corte d'aduladores e sona de persoaxes, mañán han de ser esquencidos totalmente, mientras él, pol'a sua obra xúrdia, viva en recendo de multitud no intre que haxa almas humanas no mundo.

Todo verdadeiro artista ten algo de rillote traveso. A arte helénica, que xenerou a idea grega do cibdadán, é unha sorrisa infantil, chea da cranidade mediterránea, moitas veces reflexada no espello da fonte de Xuvendia, que puido furar as mésulas brétemas mediowaes para sair á lus de novo, trocándose na gargallada triunfal e bulrona do Renacemento, inda que o sabio Solón molesto por ela lles dixo ós atenienses antergos, como ceibándolles un insulto: Sodes una venusx coma nenos!

